

# Carta financeira Marea Pontevedra 2015-2019

1. Os recursos económicos de Marea Pontevedra durante 2015/2019 serán os provenientes das cotas dos seus membros, das doazóns recibidas conforme á normativa de financiación de partidos políticos e os ingresos froito de obtención da representación institucional.
2. Devanditos recursos empregaranse de maneira eficiente e rigorosa, evitando gastos innecesarios e buscando o maior rendemento económico e social na xestión.
3. Para tal fin, a Asemblea Xeral aprobará cada comezo de ano os orzamentos anuais de Marea Pontevedra, a partir da proposta elaborada pola Coordinadora Xeral.
4. A Asemblea Xeral aprobará tamén a comezo de ano o balance da conta de resultados do exercicio anterior.
5. Os orzamentos anuais estarán vinculados e sometidos ao desenvolvemento dun plan de traballo, que terá que ser aprobado pola Coordinadora Xeral, a proposta da Permanente.
6. A execución do orzamento anual en desenvolvemento do plan de traballo anual ten que garantir o desenvolvemento das xestións necesarias para cumprir co plan de traballo, tanto desde a Marea como desde o seu Grupo Municipal.
7. As contas de Marea Pontevedra abranse, sempre que sexa posible, por motivos de apoio ao consumo responsábel e a ética na banca en caixas ou banca ética (Caixa Rural Galega ou Triodos). Na conta figurarán como apoderados o Coordinador e o Responsable de Administración e Finanzas.
8. A contabilidade elaborase a partir do Plan Contable Xeral adaptado ás organizacións políticas, axunta a esta carta financeira.
9. Cada tres meses a CX a través do Responsable de Administración e Finanzas presentará un informe sobre a situación económica da Marea, coa execución orzamentaria, e coa evolución da afiliación e das cotas. Atendendo a criterios de transparencia ese informe subirase a web.
10. O grupo municipal transferirá a asignación económica do concello á conta da Marea despois de descontar gastos de local, subministración e comunicación. Os concelleiros da Marea, reciben unhas asignacións mensuais por asistencia a pleno ou comisións das que ata 500 €/mes se asignan para cubrir os gastos derivados da súa actividade (en concepto de gastos de colaboración) doando o resto á Marea.
11. As liquidacións que se produzan por outros gastos de colaboración ou axudas de custo faranse mensualmente, sobre formulario aprobado para tal fin, no que se reflectirán tódolos gastos liquidables do mes anterior, e achegarase o formulario cos documentos que acrediten o gasto (tickets, factura) o responsable de administración e finanzas na primeira semana do mes seguinte.
12. Cotas. En 2015/2016 haberá un tipo de cota normal de 5 euros (recibos trimestrais de 15 euros) e unha cota reducida de 2 € para paradas e estudantes (6 euros/trimestre). Tamén se contempla unha cota voluntaria por importes superiores. En función da situación para 2017 se revisarán os tipos de cota, en atención ás situacións de actividade ou ingresos dos membros de Marea Pontevedra.

**Empresa A15 MAREA PONTEVEDRA (2015)**  
**Condicions PERIODO: 01-01-15 / 31-12-15 (Importe en Euros)**

	2015 (previsións)	
<b>1.- Ingresos da entidade por actividade propia</b>		<b>0,00</b>
> <b>Financiamento propio</b>	<b>0,00</b>	
- COTAS ASOCIADOS/AS .....	0,00	
- DOAZONS .....	0,00	
- INGRESOS CAPTACIÓN DE RECURSOS .....	0,00	
> <b>Financiamento privado</b>	<b>0,00</b>	
- INGRESOS ENTIDADES PATROCINADORAS .....	0,00	
- INGRESOS APORTACIÓN GRUPO MUNICIPAL .....	0,00	
> <b>Financiamento público</b>	<b>0,00</b>	
- SUBVENCIONES OFICIAIS .....	0,00	
<b>2.- Axudas monetarias e gastos de proxectos</b>		<b>0,00</b>
> <b>Actividade Política</b>	<b>0,00</b>	
- CAMPAÑAS .....	0,00	
<b>8.- Gastos de persoal</b>		<b>0,00</b>
- SOLDOS E SALARIOS .....	0,00	
- SEGURIDADE SOCIAL A CARGO DO PARTIDO .....	0,00	
- OUTROS GASTOS SOCIAIS .....	0,00	
<b>9.- Outros gastos de explotación</b>		<b>0,00</b>
- ARRENDAMENTOS E CANONS .....	0,00	
- REPARACIONES E CONSERVACION .....	0,00	
- SUMINISTROS ( LUZ, AUGA, COMUNIDADE,...) .....	0,00	
- INSUMOS ( MATERIAL DE OFICINA ) .....	0,00	
- SERVICIOS PROFESIONAIS INDEPENDENTES .....	0,00	
- PUBLICIDADE E RELACIONES PÚBLICAS .....	0,00	
- OUTROS SERVICIOS -COMUNICACION .....	0,00	
- OUTROS SERVICIOS - CORREOS E MENSAXEIRIA .....	0,00	
- COMPENSACION GASTOS COLABORACION .....	0,00	
- COTAS PARTICIPACION NOUTROS PROXECTOS .....	0,00	
- SERVICIOS BANCARIOS E SIMILARES .....	0,00	
- IMPOSTOS E OUTROS TRIBUTOS .....	0,00	
<b>10.- Amortización do inmovilizado</b>		<b>0,00</b>
- AMORTIZACIONES .....	0,00	
<b>14.- Outros resultados</b>		<b>0,00</b>
- GASTOS EXTRAORDINARIOS .....	0,00	
- INGRESOS EXTRAORDINARIOS .....	0,00	
<b>RESULTADOS DE EXPLOTACION</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>15.- Ingresos Financeiros</b>		
- OUTROS INGRESOS FINANCIEROS .....	0,00	
<b>16.- Gastos financeiros.</b>		
- OUTROS GASTOS FINANCIEROS .....	0,00	
<b>RESULTADO FINANCIERO</b>	<b>0,00</b>	<b>0</b>
<b>RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>17.- Impuestos sobre beneficios</b>		
- IMPOSTO SOCIEDADES .....	0,00	0,00
<b>RESULTADO EJERCICIO</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>